

# INDIANA JONES E O DIAL DO DESTINO

# 1135

James Mangold, 2023

ESTREA EN NUMAX: 07.07.2023 | V.O.S.E. | +12 | 142 min

O arqueólogo Indiana Jones deberá emprender outra aventura contra o tempo para tentar recuperar un dial lendario que pode mudar o curso da historia. Acompañado pola súa afillada, Jones pronto se atopa enfrontándose a Jürgen Voller, un ex nazi que traballa para a NASA.

«Un final moi hábil que nos recorda que o traxe de heroe de Indy sempre foron as súas cicatrices»

Elsa Fernández-Santos, EL PAÍS



## Entrevista con Phoebe Waller-Bridge: «Está esa capa extra de profundidade ao estar no último capítulo da andaina de Indiana Jones»

Por Kristin Baver

Entre bastidores, Waller-Bridge estaba nerviosa por meterse no papel xunto a Harrison Ford. No seu primeiro día de rodaxe, Ford estaba ocupado gravando unha secuencia retrospectiva da captura de Indy polos soldados nazis durante a caída de Berlín no 1945. Cando rematou esa secuencia, a súa primeira escena xuntos deu un salto de case 25 anos para reunir os dous personaxes case dúas décadas despois – dentro dun bar en Nova York a tarde na que o Dr. Jones se xubila da ensinanza. “Foi en realidade a nosa primeira escena [traballando] xuntos. E foi unha escena bastante tranquila”, lembra durante unha entrevista con Ford. “Díxenlle, ‘Estou un pouco nerviosa. Se fago algo que sexa un lixo, por favor dimo e volvereino facer’”.

Nun momento dado, Ford enrolou o guión e deulle a Waller-Bridge un golpe na cabeza de broma. “E logo dixeches, ‘Axudou?’” lémbrale ela ao coprotagonista. Pero cando Ford se levantou para marchar, apertoulle o ombro e dedicoulle unhas palabras de ánimo. “‘Estalo facendo ben, rapaza’, dixo. E eu morrín”.

### “Moi divertido”

Ford labrouse unha carreira como personaxe de enxeño rápido que ten algunhas das liñas máis graciosas do filme. Con todo, a estrela apresúrase a eloxiar o don de Waller-Bridge para a comedia e a súa tenacidade á hora de meterse de cheo na parte física do papel.

“Non houbo moita improvisación”, di Waller-Bridge. Cinguímonos ao guión, que penso que é sempre un alivio. Cando o guión é bo, o importante é atopar a química e o ritmo dentro del. Falamos moito con Jim [Mangold, o director] previamente, pero non ensaiamos demasiado... Houbo momentos que xurdiron de forma natural. Pero foi moi divertido. Eu paseino moi ben”.


De feito, unha das indicacións de Ford foi que a parella se reservase para pantalla. “Eu tiña moitas ganas de ensaiar e el díxome, ‘Gárdao para a cámara’”, imita coa súa voz ronca a Ford, que está sentado a escasos centímetros dela. Esa é a túa mellor imitación de Harrison Ford? “Non, téñoas mellores, pero aínda estou quentando”, di de borma mentres se volve ao seu compañeiro. “Non as viches todas”. “Non as vin todas”, afirma Ford.

### Recibindo (e dando) os seus golpes

Durante a súa colaboración, unha das leccións máis importantes que Waller-Bridge aprendeu de Ford foi como recibir puñadas. Na historia hai varias pelexas nas que Helena recibe golpes no queixo e nas que é ela quen os dá.

“Mi madriña, paseino coma nunca”, di sobre a coreografía das pelexas. “O consello que me deu cando teño que dar unha puñada – ‘Imaxina que estás borracha’ – foi moi útil! Vouno tomar moi en serio, tanto na vida como no traballo”.

A ela fállle ilusión que a xente vexa a historia en acción e que descubra a aventura final de Indy. “Paréceme moi emotiva e penso que a interpretación de Harrison como Indiana Jones é perfecta. E logo está esa capa extra de profundidade sobre o que significa estar no último capítulo da andaina de Indiana Jones.”



Na librería  
**NUMAX**  
[numax.org/librería](http://numax.org/librería)

*Indiana Jones: un hombre,  
un mito,*  
Claudio Bonvecchio.  
Vola, 2023

*El libro del cine,*  
AA.VV.  
Akal, 2022